

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DO DEPARTAMENTO DE
FRANCÉS**

**IES ARMANDO COTARELO VALLEDOR
Curso 2022 - 2023**

INTRODUCCIÓN	3
CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN	6
Situación socio-económica e cultural do contorno.....	6
COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO	7
<i>METODOLOXÍA</i>	8
a. Unha metodoloxía orientada á acción, unha metodoloxía activa e participativa	8
b. Traballo das 4 destrezas	8
c. A adquisición e desenvolvemento das competencias.....	8
d. Uso das TICs.....	9
e. Outros principios a ter en conta.....	9
f. Unha metodoloxía que ten en conta a diversidade do alumnado	10
g. No caso de que as clases non podan ser presenciais, terase en conta a seguinte metodoloxía:	10
<i>INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.</i>	10
<i>ENQUISA DE AVALIACIÓN DOCENTE.</i>	12
Avaliación do Profesor/a	12
Avaliación da Materia	12
Conformidade na Avaliación	12
2º ESO FRANCÉS 1ª e 2ª LE	13
PROGRAMACIÓN DE AULA	13
AVALIACIÓN	44
<i>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</i>	44
<i>PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS</i>	45
<i>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</i>	47
<i>CRITERIOS DE PROMOCIÓN</i>	55
<i>MATERIAL</i>	55
4º ESO FRANCÉS 1ª e 2ª LE	56
PROGRAMACIÓN DE AULA	56
AVALIACIÓN	72
<i>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</i>	72
<i>PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN</i>	75
<i>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</i>	76
<i>CRITERIOS DE PROMOCIÓN</i>	78
<i>MATERIAL</i>	78
2º BACH FRANCÉS 1ª e 2ª LE	79
PROGRAMACIÓN DE AULA	79

<i>UNIDADE 4: TRANSFORMATIONS</i>	80
<i>UNIDADE 5 : QUE D'EMOTIONS !</i>	82
<i>UNIDADE 6 : CÔTÉ CUISINE</i>	84
<i>PROXECTO: FESTIVAL FRANCOPHONE</i>	87
<i>Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e compe-tencias clave</i>	90
PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN	100
<i>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</i>	101
<i>CRITERIOS DE PROMOCIÓN</i>	103
<i>MATERIAL</i>	103
<i>PROCEDEMENTO PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS PARA CURSAR FRANCÉS DE 2º DE BACHARELATO</i>	103
TEMAS TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES	103
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	105
PROGRAMA DE REFORZO E APOIO	107
PLAN DE SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES	108
PROXECTO LECTOR	108
INFORMACIÓN AO ALUMNADO	110
FOMENTO DAS TIC	111
ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA	113
PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL (NA ESO) E PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS (BAC)	114
PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN	114
<i>AVALIACIÓN RESULTADOS</i>	115
<i>AVALIACIÓN OBXECTIVOS</i>	115
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO	118

INTRODUCCIÓN

Esta programación didáctica está elaborada en base á seguinte regulamentación e referencias:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia
- Marco común europeo de referencia para as linguas (MECRL).

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. As linguas achégannos tamén ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais. A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, é dicir en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os Estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade

de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido. Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Xa que logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística. En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadás e cidadáns cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións propias, claras e fundamentadas, e de sentir satisfacción, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Segunda Lingua Estranxeira está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER, supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos

(expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda. Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan.

Por outra banda, a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro define o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e está integrado polos seguintes elementos: obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliáveis e metodoloxía didáctica.

O currículo da educación secundaria e do bacharelato no sistema educativo galego establecido polo Decreto 86/2015, do 25 de xuño regula a relación entre os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de avaliación e as competencias clave, e propón novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van supor un importante cambio nas tarefas que teñen que resolver os alumnos e as alumnas, e propostas metodolóxicas innovadoras.

a) Obxectivos: referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

b) Competencias: capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

c) Contidos: conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos, en función das ensinanzas, das etapas educativas ou dos programas en que participe o alumnado.

d) Criterios de avaliación: referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

e) Estándares de aprendizaxe avaliáveis: especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber

facen en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

f) Metodoloxía didáctica: conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

O IES Armando Cotarelo Valledor comeza a funcionar no curso 1992/93, como desdobre do Instituto de F.P. Fermín Bouza Brey do que se traslada a rama administrativa-comercial e a de secretariado para este novo centro. Introdúcese tamén o 3º curso da ESO e dous grupos de 2º de BUP que non tiñan cabida nos outros centros de ensinanza media da Vila.

O alumnado da ESO procede dos colexios adscritos de Rubiáns e de Vilaxoán, aínda que tamén se acollen alumnos/as doutros centros da zona.

O alumnado de Bacharelato provén maioritariamente do noso alumnado da ESO, aínda que cada ano tamén se incorporan alumnos/as dos outros centros de Vilagarcía ou de concellos limítrofes.

O alumnado que opta pola oferta dos ciclos formativos procede tanto do propio concello, como de concellos limítrofes e doutros máis afastados: Valga, Catoira, Caldas, Vilanova, Illa de Arousa, O Grove, Rianxo, A Estrada, etc.

Situación socio-económica e cultural do contorno

O Centro atópase situado na parroquia de Sobradelo, na periferia de Vilagarcía, a 2 km. do centro urbano, nunha zona limítrofe entre Sobradelo e Vilaxoán.

As principais actividades económicas do entorno son:

Pesca e marisqueo

Agricultura

Hostalería

Conserva (actualmente en plena decadencia)

Acuicultura (parques flotantes de mexillón e ostra, cetarias e depuradoras)

Comercio, actividades industriais e outras

Atendendo aos resultados extraídos da última avaliación externa, o Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC) que lle corresponde ao centro é **baixo**.

Algúns problemas que non podemos obviar como centro de ensino son os seguintes:

- A elevada taxa de desemprego existente na comarca, así como o escaso tecido industrial.

- A valoración negativa que existe sobre a posibilidade de acceder ao mundo laboral en condicións minimamente dignas (o que, xunto coas poucas expectativas de continuar estudos superiores, é fonte dunha gran desmotivación).
- O escaso -nalgúns casos nulo- hábito de estudo e mesmo de lectura do noso alumnado.
- Respecto da lingua, cabe dicir que o alumnado, maioritariamente, se expresa en castelán.

COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO

Dna. **María Elisa Ruiz Sánchez**, Xefa de Departamento e profesora de francés con destino definitivo.
Impartirá as clases de:

Curso	Hs. / grupo	Nº grupos	Hs. Totais
2º ESO A (2ª LE)	2	1	2
2º ESO D (1ª LE)	3	1	3
3º ESO A (1ª LE)	3	1	3
4º ESO (1ª LE)	3	1	3
1º BAC. (2ª LE)	4	1	4
2º BAC. (2ª LE)	3	1	3
XD			2
TOTAL			20

Dna. **Natalia Domínguez Neira** profesora en expectativa de destino definitivo.
Impartirá as clases de:

Curso	Hs. / grupo	Nº grupos	Hs. Totais
2º ESO B (2ª LE)	2	1	2
2º ESO C (2ª LE)	2	1	2
2º ESO D (2ª LE)	2	1	2
2º ESO E (2ª LE)	2	1	2
3º ESO A (2ª LE)	3	1	3
4º ESO (2ª LE)	3	1	3
1º BAC. 1 LE)	3	1	3
2º BAC. (1ª LE)	3	1	3
TOTAL			20

Dna. **Mª Jesús Lampón González** profesora interina pertencente ao Departamento de Inglés.

Curso	Hs. / grupo	Nº grupos	Hs. Totais
1º ESO A/ B/C/D	2	4	8
TOTAL			8

O resto de horas que imparte son de inglés.

A Reunión de Departamento queda aínda por determinar. Unha vez recibidos os horarios procederemos a fixar o día e a hora da reunión.

METODOLOXÍA

a. Unha metodoloxía orientada á acción, unha metodoloxía activa e participativa

O currículo básico proposto pola LOMCE, que recolle as recomendacións do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, está orientado á acción, é dicir, a desenvolver no alumno a capacidade de integrar e de poñer en xogo as actitudes, os coñecementos e as destrezas que lle permitan comunicarse en situacións específicas no mundo real. Esta capacidade para a comunicación efectiva en contextos reais supón considerar a lingua como algo que se fai e que se aprende a facer, antes que como algo que se estuda e simplemente se sabe.

A comunicación no mundo real require abordar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación a partir do texto como unha unidade na que se materializan conxuntamente tódolos aspectos que nunha análise teórica da lingua soe tratarse por separado e como compoñentes illados. Por todo iso, e para que o alumno poida facer un uso da lingua que responda eficazmente ao reto comunicativo, convén que tanto a análise e a reflexión sobre a lingua como o seu estudo e a súa práctica se deriven do que o texto oral ou escrito demande en cada caso, e que tanto o traballo realizado na aula como a aprendizaxe autónoma teñan como referencia os textos que os alumnos haberán de ser capaces de comprender e producir, de maneira que as accións pedagóxicas e as tarefas de aprendizaxe, aínda sendo diversas e motivadoras, teñan sempre como características común a contribución ás consecución dos obxectivos que establecen os estándares de aprendizaxe avaliábeis para cada conxunto de actividades lingüísticas na etapa respectiva. A metodoloxía favorecerá entón o traballo individual e cooperativo do alumno así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

b. Traballo das 4 destrezas

Para permitir conseguir os obxectivos ou sexa a comunicación en situacións específicas no mundo real, será necesario enfocar a metodoloxía cara ao traballo das 4 destrezas : comprensión de textos orais e escritos, produción de textos orais e escritos. Por exemplo, escoitaranse monólogos, diálogos e cancións, sketches, anuncios, cortos, etc.; favorecerase a produción oral de forma individual e interceptando (repeticións, xogos de rol, diálogos aprendidos de memoria, execución de tarefas finais para iniciar á comunicación auténtica.); traballarase a comprensión de textos escritos de diversa natureza (documentos da web, prensa, cómic, anuncios, carteis, etc.); traballarase a produción escrita de maneira moi sinxela en 1º de ESO e un pouco mais complexa en 3º de ESO, aínda que non será a destreza mais traballada debido a súa complexidade e o pouco tempo do que dispoñemos.

Por outra banda, as actividades de aprendizaxe integradas poden incluír elementos curriculares procedentes de distintos bloques (comprensión e produción de textos orais e escritos e coñecemento da lingua e consciencia cultural e plurilingüe). Á súa vez, estes elementos poderán formar parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, esas actividades poderán ter carácter interdisciplinar. O feito de tratar simultaneamente, nunha mesma actividade, contidos de bloques distintos e, mesmo, de materias diferentes, halle permitir ao profesorado determinar a conveniencia de avaliar a totalidade ou só unha parte das competencias clave relacionadas con cada estándar de aprendizaxe.

c. A adquisición e desenvolvemento das competencias

Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias clave.

As competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado. As situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia.

Para ver o tratamento de cada competencia clave nas clases de francés, remítase ao apartado III. As Competencias Clave: definición e tratamento na clase de francés.

d. Uso das TICs

Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como recurso metodolóxico. Para unha información mais detallada remítase ao apartado III D. Competencia dixital, e ao apartado Accións previstas consonte ó Plan de Integración das TICs.

e. Outros principios a ter en conta

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado ou sexa ter en conta os coñecementos que xa ten e as características psicolóxicas xeral do grupo de idade ó cal pertence.
- Revisar os coñecementos adquiridos nos anos anteriores para reforzar e actualizalos, e para que todos os alumnos traballen cunha base común.
- Presentar ós alumnos contidos e obxectivos ben definidos para que a aprendizaxe se faga mais facilmente e que o alumnos saiba que fai, para que e con que medios.
- Usar a lingua estranxeira como lingua de comunicación na clase. Pódese usar o castelán ou o galego para explicacións gramaticais complexas ou no caso dunha incompreensión total cando as estratexias para alcanzar a comprensión estean esgotadas.
- Presentar ós alumnos actividades variadas e diferentes soportes para ter en conta as diferentes maneiras de aprender do alumnado, para captar a súa atención, e para desenvolver a autonomía en situacións de comunicación diversas.
- Propoñer tarefas significativas ou sexa que teñen en conta os intereses, gustos e necesidades dos alumnos.
- Propoñer actividades lúdicas.
- Corrixir os erros que poden ser evitados e as que o alumno pode integrar na súa "interlingua". Na Comprensión oral unha corrección minuciosa podería desanimar o alumno e destruír a participación futura co cal corrixir os elementos esenciais á comunicación e non interromper na medida do posible a comunicación, a corrección faise ó final. É importante que a clase participe no proceso de corrección.
- Mostrar o papel dos erros no proceso de aprendizaxe e aprender deles.
- Saber traballar en equipo, considerando os compañeiros como outra fonte máis de aprendizaxe.
- Tolerar a comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.
- Valorar e reforzar a motivación como clave do éxito na aprendizaxe.

- Solicitar axuda, correccións, aclaracións ou confirmacións.

f. Unha metodoloxía que ten en conta a diversidade do alumnado

A nosa metodoloxía terá en conta a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos os alumnos, e unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Para unha información mais detallada remítase ao apartado Medidas de atención á diversidade.

g. No caso de que as clases non podan ser presenciais, terase en conta a seguinte metodoloxía:

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>As tarefas estarán puntualmente colgadas na web do Centro no apartado correspondente ao Departamento de Francés ou na aula virtual.</p> <p>Estarán convenientemente identificadas por curso e nome do profesor.</p> <p>Calquera alumno/a poderá pórse en contacto coa súa profesora cando o precise para solucionar dúbidas de materia ou doutro tipo. Para isto utilizarán o correo electrónico, teléfono do Centro, titorías etc.</p> <p>Os alumnos/as sen recursos informáticos realizarán as tarefas na forma en que o Equipo Directivo ditamine e se lle faga chegar ao seu domicilio (fotocopias) que logo serán remitidas aos profesores.</p>
Materiais e recursos	<p>Os alumnos/as realizarán as tarefas e enviaranas por correo electrónico , escanadas ou mediante foto de teléfono móbil.</p> <p>Libro de Texto do alumno/a.</p> <p>Páxinas web recomendadas para a realización de exercicios autocorrectivos.</p>

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Como indicadores de logro pódense distinguir os previos ou de preparación, que anteceden a materialización do proceso de ensinanza-aprendizaxe e os posteriores ou de realización que aluden a posta en práctica do proceso.

Entre os indicadores de logro previos, cabe salienta todos os referentes á preparación dunha programación didáctica axeitada á realidade do centro: a elección de libros de texto e de traballo, e outro material didáctico; a preparación de medios audiovisuais; a previsión de datas satisfactorias para a realización de actividade e probas; as xuntanzas para coordinación dos membros do Departamento; análise de resultados do curso anterior.

Os indicadores de logro do proceso, compre enumerar:

- As revisións quincenais de control de cumprimento da programación.
- A avaliación cualitativa, mensual e trimestral, da marcha e resultados obtidos polos alumnos/as co traballo e resposta na clase e nas probas obxectivas.

- Os feedbacks periódicos da materia xa explicada para contrastar a súa asimilación real polos alumnos/as.
- Análise da relación entre actividades orais e escritas e entre actividades grupais e individuais, para asegurar o seu adecuado equilibrio.
- Análise das medidas adoptadas para dinamizar as clases e a frecuencia das mesmas e os seus resultados.
- Observación e avaliación da mellora de nivel do grupo e dos seus alumnos/as, respecto de aqueles nos que se detectou déficit de aproveitamento na materia previamente impartida.
- Observación e control dos alumnos/as que presenten retrasos na aprendizaxe para establecer ou propoñer, segundo sexa o caso, sobre patróns obxectivos e ben fundados as decisións sobre a eventual necesidade de adaptacións curriculares ou plans de mellora.
- Reclamar das familias as intervencións precisas para mellorar a situación do alumno/a que o necesite, axudando ao seu diagnóstico ou a colaborar no estímulo, orientación ou corrección de condutas que se estime pertinente.
- Analizar se as instrucións aos alumnos/as son claras, precisas, intelixibles para eles, e o uso que fan de elas, para comprobar que alcanzan o seu fin.
- Asegurar que os instrumentos de avaliación son os axeitados, son coñecidos polo alumnado na súa estrutura e tipoloxía e que seu contido concorda ao 100% coa materia a avaliar.
- Asegurar regularmente o repaso da materia xa explicada e sempre ante a celebración dunha proba de calado sobre ela.

Para avaliar a práctica docente por parte do alumnado utilizarase unha enquisa de avaliación como a da páxina seguinte que se pasará a tódolos grupos ao final de cada trimestre:

ENQUISA DE AVALIACIÓN DOCENTE			1ª AVALIACIÓN				
GRUPO:	Puntuación	GRÁFICO DE AVALIACIÓN (*)					
		1	2	3	4	5	
PUNTUACIÓN GLOBAL							
1. Cumpre co seu horario (asistencia e puntualidade)							
2. Prepara e organiza axeitadamente as súas clases	2.1	Teóricas					
	2.2	Prácticas (laboratorio, campo, informática...)					
3. Na clase hai un bo ambiente docente (posibilidade de facer preguntas, facilita a participación, bo trato, amenidade...)							
4. Creo que aprendo nas clases deste profesor/a							
5. A forma de correxir e valorar exames, probas e traballos, axústase ó ensinado.							
6. O profesor/a desta materia é un bo/a docente							
Avaliación da Materia							
1. Considero que esta materia:	1.1	É importante de cara a miña formación					
	1.2	Os seus contidos son interesantes					
2. Penso que as condicións (espacio, equipamento, material, nº de alumnos/as...) nas que se desenvolve a docencia desta materia son satisfactorios no relativo a:	2.1	Clases teóricas					
	2.2	Clases prácticas					
<i>O MELLOR</i>		<i>A MELLORAR</i>					
Conformidade na Avaliación							
Valoración ≥ 5	Profesor/a:	Materia:	Puntuación acadada:				
<i>Trasladar os resultados da enquisa de avaliación docente cumprimentada polo alumno/a.</i>							

(*) 1= Moi mal 2= Mal 3= Regular 4= Ben 5= Moi ben

2º ESO FRANCÉS 1ª e 2ª LE

PROGRAMACIÓN DE AULA

Unidade

1

Qui se ressemble s'assemble

OBXETIVOS DA UNIDADE

1. Presentar e describir persoas e animais.
2. Expresar sensacións.
3. Expresar o que ti queres e o que tu podes facer.
4. Descubrir a unión europea.
5. Escribir un anuncio

CONTIDOS	BLOQUES DE CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	ACTIVIDADES
<p>-Escoitar, observar ilustracións para descubrir o vocabulario.</p> <p>-Extraer informacións globales dun diálogo.</p> <p>-Escoitar e adiviñar as nacionalidades dos personaxes.</p> <p>-Asociar un personaxe á súa cidade e país.</p> <p>-Lembrar as réplicas dun diálogo.</p> <p>-Comprender preguntas curtas.</p> <p>Estratexias de comprensión</p> <p>-Co apoio das informacións sacadas dunha ilustración, desenvolver o espírito de observación e de lóxica exercitando a atención visual e auditiva.</p> <p>-Comprender o sentido xeral e localizar as palabras clave nun diálogo simple.</p> <p>-Memorizar e repetir as réplicas dun diálogo.</p> <p>Aspectos socioculturais e sociolingüísticos</p> <p>-A Unión Europea.</p> <p>-Os ídolos.</p> <p>Funcións comunicativas</p> <p>-Describir fisicamente unha persoa ou un animal.</p> <p>-Facer o retrato de alguén.</p> <p>-Informarse da identidade de alguén.</p> <p>-Indicar a nacionalidade e o país.</p> <p>Patróns sintácticos e discursivos</p> <p><i>C'est un / une... qui...</i></p> <p><i>Il / elle est + nacionalidad.</i></p> <p>As preposicións de lugar (cidades e países).</p> <p><i>Avoir mal au / à la / à l' / aux + nome.</i></p> <p>Os verbos <i>pouvoir</i> e <i>vouloir</i>.</p> <p>Léxico de uso frecuente</p> <p>-Os adxectivos de descrición.</p> <p>-Os países e as nacionalidades.</p> <p>-As sensacións (ter fame, sede, medo, doer).</p> <p>Patróns sonoros</p> <p>-Escoitar e diferenciar os sons [ɔ] / [ɑ] / [ɛ] . -O son [uj].</p>	<p>COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS</p>	<p>B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.</p> <p>B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.</p>	<p>1. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara (p. ex. en estacións ou aeroportos), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p> <p>2. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (p. ex. en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros de estudos).</p> <p>3. Comprende, nunha conversación informal en que participa, descrições, narracións e opinións formuladas en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se o interlocutor está disposto a repetir ou reformular o devandito.</p> <p>4. Comprende, nunha conversación formal en que participa (p. ex. nun centro de estudos), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p>	<p>-LE p. 11 act. 1 e 2 LE p. 14 act 2</p> <p>-LE p. 12 act.2 LE p. 14 act. 1</p> <p>-LE p. 13 act. 5</p> <p>-LE p. 13 act. 6</p> <p>-LE p. 14 act. 2</p> <p>-LE p. 19 act 7</p> <p>Estratexias</p> <p>- LE p. 11 act.1, LE p. 13 act. 5 e 6</p> <p>- LE p. 12 act. 2 15 act. 7</p> <p>-LE p. 14 act 2</p> <p>A. sociocult/ e socioling.</p> <p>- LE p. 16 e 17 act.1, 2; LE p. 15 act. 6, 7</p> <p>- LE p. 12 act. 2</p> <p>-LE p.20</p> <p>Funcións comunicativas</p> <p>- LE p. 11 act. 1, 2.</p> <p>-LE p. 12 act. 2</p> <p>-LE p. 11 e 12, LE p. 19 act 7</p> <p>- LE p. 13 act. 5, 6 , « J'observe et j'analyse » et « Grammaire en rythme ! »</p> <p>-LE p. 14 act. 1 e 2.</p> <p>-LE p. 15</p> <p>Patróns sint. discursivos</p> <p>- LE p. 11 act. 2 LE p. 15</p> <p><<J'observe et j'analyse>></p> <p>- LE p. 13 act. 5 « J'observe et j'analyse » et « Grammaire en rythme ! »</p> <p>- LE p. 14 act. 1 e 2</p> <p>-LE p.15</p> <p>Léxico</p> <p>- LE p.11 act. 1, 2, e 3.</p> <p>- LE p. 13 act. 5, 6 « J'observe et j'analyse » et « Grammaire en rythme ! », LE p. 19 act. 3</p> <p>- LE p. 14 act. 1, 2.</p> <p>Patróns sonoros</p> <p>- LE p.12 <<Boîte à sons>></p> <p>- LE p. 14 « Boîte à sons »</p>

Comunicación: produción

Expresión

-Asociar ilustracións en función do seu parecido físico.

-Crear frases co fin de reutilizar as estruturas estudadas.

- Preparar unha presentación sobre un personaxe famoso, facer que os compañeiros adiviñen de quen se trata.

Interacción

-A partir dun modelo crear e memorizar un diálogo por parellas e representalo ante a clase.

-Describir fisicamente a un personaxe do libro ou coñecido para que os compañeiros o adiviñen.

-Diálogo no veterinario.

-Adiviñar a través dos xestos dun compañeiro.

-Crear mensaxes para diferentes ilustracións.

-Preguntar pola saúde de alguén, contestar expresando sensacións.

Estratexias de produción

-Xogar cos ritmos para aprender dunha forma lúdica e desinhibida.

- Memorizar diálogos e fórmulas comunicativas

-Reutilizar vocabulario visto na clase seguindo modelos.

-Utilizar as estruturas estudadas dunha forma lúdica utilizando a mímica.

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos

-A Unión Europea.

-Os ídolos.

Funcións comunicativas

-Describir fisicamente unha persoa ou un animal.

-Facer o retrato de alguén.

-Informarse da identidade de alguén.

-Indicar a nacionalidade e o país.

-Describir sensacións.

-Expresar o que se quere ou o que se pode facer.

Patróns sintácticos e discursivos

-*C'est un / une... qui...*

-*Il / elle est + nacionalidade.*

As preposicións de lugar (ciudades e países).

-*Avoir mal au / à la / à l' / aux + nome.*

-Os verbos *pouvoir* e *vouloir*.

Léxico de uso frecuente

-Os adxectivos de descrición.

-Os países e as nacionalidades.

-As sensacións (ter fame, sede, medo, doer).

Patróns sonoros

-Os sons [ɔ̃] / [ɑ̃] / [ɛ̃]. Imitar as entoacións.

-O son [uj].

B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.

B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.

B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.

B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais, gustos,, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.

SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.

SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.

SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos.

SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

Comunicación

Expresión

- LE p. 11 act.3,

-LE p. 15 act.5

- LE p. 20 act. 2.

Interacción

-LE p. 12 act. 3,

-LE p. 13 act. 4 e 7

-LE p. 14 act. 3

-LE p. 15 act. 6

LE p. 18 act. 2

-LE p. 19 act. 5

Estratexias

-LE p. 13 « Grammaire en rythme »

-LE p. 12 act. 3,

-LE p.13 act 4 e 7

-LE p. 15 act. 6

A. sociocult/ e socioling.

- LE p. 16 e 17

- LE p. 13 act. 7, LE p. 20 act. 2

Funcións c.

- LE p. 11 act. 3, LE p. 13 act. 4 e 7, LE p. 19 act. 1 e 4

-LE p. 12 act 2,3, LE p. 19 act. 2

-LE p.13 act. 7, LE p. 19 act 7

-LE p. 13 « Grammaire en rythme ! ».

- LE p. 14 act. 3, LE p. 19 act. 5

- LE p. 14 act. 3, LE p. 19 act. 6

Patróns sint.

Discursivos

- LE p. 11

<<J'observe et j'analyse>>

- LE p. 13 act 4 e 7 <<J'observe et j'analyse>>

-LE p. 14 act 2, 3.

-LE p. 15 "J'observe et j'analyse"

Léxico

- LE p.11 act. 3, LE p. 19 act. 2

- LE p 13 act. 4 e 7 LE p. 19 act. 3

- LE p. 14 act.3 e 4

Patróns sonoros.

-LE p. 12 act. 3,

- LE p.14

<<Boîte à sons>>

Comunicación: comprensión

Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e a información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.

Estratexias de comprensión

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión da idea xeral, os puntos máis relevantes e información importante do texto.

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos

Coñecer, e utilizar para a comprensión do texto, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, no ámbito público), e convencións sociais (costumes, tradicións).

Funcións comunicativas

Distinguir a función ou funcións comunicativas máis importantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, así como patróns discursivos sinxelos de uso común relativos á organización textual (introdución do tema, cambio temático, e peche textual).

Patróns sintácticos e discursivos

Aplicar á comprensión do texto os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, así como os seus significados xerais asociados (p. e. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).

Léxico de uso frecuente

Recoñecer léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiás e a aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto e do cotexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións que se descoñecen.

Patróns sonoros e ortográficos

Recoñecer as principais convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común (p.e. □%, □) e os seus significados asociados.

▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.
 ▪ B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente.
 B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia

SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.
 SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.
 SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiás e propios da súa idade.
 SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.

Comunicación: comprensión

-LE p. 12 act. 1, LE p. 14 act. 1
 -LE p. 15 act. 4, LE p. 18 act. 1
 -LE p. 16, 17
 -LE p. 17 act. 1 “Atelier d’écriture”

Estratexias

-LE p. 16 e 17
A. sociocult. e socioling.
 - LE p. 16, 17 act. 1, 2, 3, 4 e 5
 -LE p. 12 act.1

Funcións comunicativas

- LE p. 11 e p. 13 act. 4 e 7
 - LE p. 12 e 13
 - LE p. 13
 -LE p. 13
 -LE p. 14 act.1
 -LE p. 14

P. sintácticos e discursivos

- LE p. 11
 - LE p. 13
 <<’observe et j’analyse>>
 - LE p. 14 act 1
 - LE p. 15

Léxico

- LE p.11
 - LE p 13 « J’observe et j’analyse »
 - LE p. 14act 1, LE p. 18 act. 1

Son/grafía

- LE p. 17 act. 1
 “ Atelier d’écriture”
 -LE p. 17 «Je lis j’écris »

<p>Contidos</p> <ul style="list-style-type: none"> -Redactar unha descrición dun personaxe famoso. -Reutilizar as estruturas estudadas e redactar frases seguindo modelo. -Buscar información sobre a Unión Europea. -Escribir un anuncio para que adopten un animal. -Preparar unha ficha sobre un personaxe famoso. <p>Estratexias de comprensión</p> <ul style="list-style-type: none"> -Redactar unha presentación a partir de modelos, reutilizando ao máximo todo o adquirido nesta unidade e as precedentes. -Reutilizar as estruturas estudadas e redactar frases seguindo modelo <p>Aspectos socioculturais e sociolingüísticos</p> <ul style="list-style-type: none"> -A Unión Europea. -Os ídolos. <p>Funcións comunicativas</p> <ul style="list-style-type: none"> -Describir fisicamente unha persoa ou un animal. -Facer o retrato de alguén. -Informarse da identidade de alguén. -Indicar a nacionalidade e o país. -Describir sensacións. -Expresar o que se quere ou o que se pode facer. <p>Patróns sintácticos e discursivos</p> <p><i>C'est un / une... qui...</i> <i>Il / elle est + nacionalidad.</i> As preposicións de lugar (ciudades e países). <i>Avoir mal au / à la / à l' / aux + nome.</i> Os verbos <i>pouvoir</i> e <i>vouloir</i>.</p> <p>Léxico de uso frecuente</p> <ul style="list-style-type: none"> -Os adxectivos de descrición. -Os países e as nacionalidades. -As sensacións (ter fame, sede, medo, doer). <p>Patróns sonoros e ortografía</p> <ul style="list-style-type: none"> - Signos de puntuación: sinal de interrogación, de exclamación e puntos suspensivos. -Saber pronunciar e escribir palabras que conteñan o son [õ]. 	<p>PRODUCCION DE TEXTOS ESCRITOS : EXPRESION E INTERACCION</p>	<p>B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.</p> <p>B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p> <p>B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.</p> <p>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto</p>	<p>SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).</p> <p>SLEB4.3. Escribete notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.</p> <p>SLEB4.4. Escribete correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	<p>Actividades</p> <ul style="list-style-type: none"> -LE p.13 act. 7 -LE p. 15 act. 5 -LE p. 17 act @ -LE p. 17 « Atelier d'écriture » - LE p.20 <<Tâche finale>> <p>Estratexias</p> <ul style="list-style-type: none"> -LE p.13 act. 7 LE p. 3 "Atelier d'écriture" - LE p. 20 act. 1, 2 -LE p. 15 act. 5 <p>Aspectos sociolingüísticos</p> <ul style="list-style-type: none"> - LE p. 16, 17 -LE p 13 act. 7, LE p. 20 act. 1 <p>Funcións c.</p> <ul style="list-style-type: none"> - LE p. 11 - LE p. 12 - LE p. 13 act. 7 - LE p.13 -LE p.14 -LE p. 14 <p>Patróns sint. discursivos</p> <ul style="list-style-type: none"> - LE p. 11 - LE p. 13 <<J'observe et j'analyse>> - LE p. 14 - LE p. 15 <p>Léxico frecuente</p> <ul style="list-style-type: none"> - LE p.11 - LE p 13 - LE p. 14 <p>Son /grafía</p> <ul style="list-style-type: none"> -LE p 17 act.3 -LE p 17 <<Je lis, j'écris>>
---	---	--	--	---

COMPETENCIAS CLAVE	CONTIDOS	ACTIVIDADES
Competencia dixital	-Realizar procura de información por Internet.	-LE p. 17 @
Competencia matemática e competencias clave en ciencia e tecnoloxía	-Utilizar razoamento lóxico para deducir. Aplicar as regras aprendidas con concentración e rigor. -Saber utilizar ferramentas tecnolóxicas para realizar procuras.	-LE p. 13 « J’observe et j’analyse », LE p. 14 « J’observe et j’analyse », LE p. 19 -LE p.20 act 1.
Competencias sociais e cívicas	-Participar nos intercambios orais, respectar a quenda dos demais.	-LE p. 11 act.3, LE p. 12 act. 3, LE p. 13 LE p. 14 act. 3 LE p. 16 e 17, 18, 19 e 20
Aprender a aprender	-Desenvolver a capacidade de observación e de escoita. Implicarse na aprendizaxe. -Coidar a pronuncia e a entoación. -Traballar a memoria. -Reflexionar sobre unha regra gramatical. -Desenvolver a capacidade de observación. Recoñecer a importancia da linguaxe non verbal na aprendizaxe. Analizar unha estrutura gramatical. Coidar a pronuncia. Adquirir e asimilar novos coñecementos. -Querer adquirir, obter e asimilar novos coñecementos. -Organizar o traballo individual.	-LE p.11 act. 1, 2 e 3 , LE p. 12 act 2., LE p. 14 act. 3 -LE p 12 -LE p. 12 « Mémoire » LE p. 14 act. 2 e « Mémoire » -LE p. 13 act. « J’observe et j’analyse » -LE p. 15 act. 4 e « J’observe et j’analyse » -LE p. 16 e 17 -LE p. 20 act. 1 e 2
Sensibilidade e expresión cultural	-Desenvolver a creatividade e a capacidade de facerse comprender mediante a mímica. -Descubrir a Unión Europea. -Desenvolver a súa creatividade.	-LE p. 15 act. 6 -LE p 16 e 17 -LE p. 20 act 1 e 2
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor	-Implicarse na aprendizaxe.	LE p. 14 19. Act. 1 e 5

Unidade

2

Au centre ville

OBXETIVOS DA UNIDADE

1. Presentar e describir a persoas e animais.
2. Expresar sensacións.
3. Expresar o que ti queres e o que podes facer.
4. Descubrir a unión europea.
5. Escribir un anuncio

Tarefa final: Os ídolos da clase.

CONTIDOS	BLOQUES DE CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	ACTIVIDADES
